

<http://renovarobng.blogaliza.org/2010/11/01/editorial-cara-as-rochas/>

Hoxe chega ao fin unha singradura comezada hai case vinte meses, e toca facer balanço. Cando levamos as áncoras, éramos bos coñecedores das augas nas que estábamos prestos a adentrarnos, pero como en toda viaxe novidosa, descoñecíamos que ventos poderían alterar o rumbo previsto, que compañías encontraríamos no noso navegar e cal sería a bagaxe que no fin albergarían as nosas bodegas. Se o mesmo Odiseo estivo á mercé dos elementos e do destino, non iría ocorrer de xeito diferente con nós.

## **I. A travesía: o blog**

A pesar de sermos xente inconformista, o certo é que a sensación que o blog nos deixa é de satisfacción polo traballo feito. Cun navío sinxelo e unha tripulación escueta, conseguimos moito máis do que nos propoñíamos, que non era outra cousa que **conseguir congregar a bordo os mariños que, nun ou noutro porto, esperaban en terra mais coa vista posta no horizonte**. O primeiro motivo de satisfacción provén do feito de termos sido **fieis a nós mesmos**, pois fixemos exactamente o que nos propuxéramos, inmunes ás presións recibidas por babor e por estribor: durante o seu tempo de existencia, este blog foi -dito sexa sen a menor pisca de soberbia- o principal e o máis fértil foro de discusión sobre o BNG e sobre o nacionalismo galego, capaz de abrir debates de fondo sobre o modelo político e organizativo, de contribuír a unha redefinición estratéxica do discurso nacionalista, de marcar a axenda política do BNG, de compartir propostas e análises rigorosas, de aglutinar e dar voz á militancia crítica e, por riba de todo, de democratizar a información e manter acesa en moita xente a esperanza de que un outro nacionalismo é posible. Outra razón para a satisfacción surxe de ter **superado as metas antevistas**: isto foi así até tal punto que nos vimos obrigados pola propia audiencia a asumir unha función de órgano de comunicación informal de todo o BNG, incrementando o nivel de esixencia e a carga de traballo, pero ao mesmo tempo alargando os ámbitos de recepción e de influencia e posibilitando facer novas amizades, o que sen dúbida é un dos logros que máis nos alegra.

O certo é que o blog pecha as súas portas cando se encontra no seu punto máis alto, e preferimos que así sexa. Non nos referimos só aos aspectos cuantitativos de audiencia, xa que non é hoxe día para facer alarde de cifras, senón sobre todo aos cualitativos: mesmo con toda a

animadversión que contra nós crearon moitas das persoas que coñecen -de primeira man ou de oídas- este blog, **é raro encontrar quen discuta a nosa credibilidade, o noso rigor intelectual e a nosa capacidade de análise.** E iso, no universo cainita do BNG, non é pouca cousa para uns simples mariñeiros coma nós, sen as costumeiras patentes da *potestas*.

Porén, non seríamos sinceros se non recoñecésemos que **a satisfacción non é completa.** Non podería ser doutro xeito: en parte por erros nosos, fundamentalmente algunhas imprecisións cometidas, que se ben non lle restan valor ao traballo feito, serven como cura de humildade sempre necesaria; en parte debido ás reaccións defensivas nadas da incompreensión, cando non do sectarismo e mesmo do rancor persoal; e en parte, tamén, por causa da recepción de moitos dos nosos escritos, ao constatar que como norma xeral -con contadas aínda que moi gratas excepcións- os posts que máis expectación despertaron non foron os relativos ás análises e propostas, senón aqueles que reflectían o clima de enfrontamento interno. Un sintoma inequívoco de que **algo está apodrecendo** na cuberta do BNG, aínda que sempre haxa voces interesadas en culpar o espello por devolver a imaxe da propia deformidade.

Mais o blog non pecha por tales causas, e non pretendemos furtar ao público lector a verdade, do mesmo xeito que non o fixemos até agora. As causas do peche son diversas, e poden resumirse basicamente nunha: **a nosa opción por dedicarnos a novos proxectos.** Proxectos académicos, culturais e comunicativos; e si, tamén novos proxectos políticos. Pola súa relevancia, tanto os proxectos comunicativos como os políticos serán os que concentren boa parte das nosas enerxías no futuro inmediato, e pensamos que deles poden derivarse máis beneficios para o país que do mantemento deste blog.

Aínda máis, porque esta ferramenta de comunicación sempre tivo un **carácter profunda e eminentemente propositivo;** crítico, desde logo, pero propositivo e non meramente destrutor. E ocorre que, na actual situación do BNG, en caso de continuarmos co blog veríamnos obrigados a realizar un inmisericorde exercicio crítico con todos e cada un dos sectores do BNG, xa que motivos sobrados están a dar para iso, sen máis diferenza que unha cuestión de grao. Perante tal panorama, preferimos pechar o blog e deixalo como testemuño dunha etapa e dunha maneira de entender as cousas, antes que convertelo nunha metralladora xiratoria, xa que carecemos por completo de vocación

militar e, de t ermola, o noso albo ser a moi outro. Ademais, non  e un sinxelo veleiro como o noso lugar propio para armas dese calibre.

## **II. A traves a: o BNG**

Desde este blog, fomos testemu as privilexiadas da derrota -nunca mellor dito- que tomaba o BNG desde a perda do poder na Xunta at e hoxe mesmo. E, como  e evidente que este editorial ficar a coxo se s o fal semos do blog e non do BNG, **disp monos a compartir con todos v s unha s ntese do que observamos, do que entendemos e do que conclu mos sobre a deriva do BNG.**

O percurso do BNG nestes vinte meses pode resumirse en **catro momentos** ben diferenciados: primeiramente, un per odo de indefinici n da correlaci n de forzas interna, que culmina en maio de 2009 coa vitoria da UPG como maior a minoritaria e a consolidaci n de +G (na altura, a nda +BNG) como alternativa; a continuaci n, unha segunda etapa, que ocupa o outono de 2009, de aproximaci n estrat xica entre +G e o EI, que alumbra a perspectiva dunha nova maior a posible; a seguir, a terceira fase v n marcada pola renuncia a convocar a Asemblea Nacional en 2010 e polo confronto nas primarias urbanas, coa consabida vitoria retumbante da UPG e os primeiros sinais de desintegraci n en +G; e por fin, o cuarto momento, no que nos encontramos actualmente,  e o definido pola inercia dos sectores cr ticos (+G e EI), incapaces de tomaren a iniciativa, de deteren a sangr a de desercions e de definiren un proxecto que non sexa dependente da UPG, ora por diverxencia ora por coincidencia. En resumo, podemos concluir que **se pechou o ciclo aberto en marzo/abril de 2009**: un ciclo que puxo en xeque como nunca antes a hexemon a da UPG no BNG, pero que se salda cunha UPG m ais forte nun BNG a cada volta m ais d bil, debido non s o  s decisi ns do partido-gu a sen n tam n ao desperdicio por parte dos demais das oportunidades que lles foron concedidas.

Con isto, triunfa o proxecto da UPG, a nda que pode ser un triunfo por demais amargo e que ultrapase con moito as piores previsi ns que xa espuxemos no inicio da nosa andaina no post [A UPG e as lecci ns de Pirro](#). Na carta n utica que manexa o comando da UPG, hab a un risco sinalado con trazo grosso: sendo un risco, non era un penedo, sen n un perigo moito m ais complexo: **o risco dun mot n a bordo**. O per odo de

gobierno producira severas tensións dentro da UPG, que debían ser reconducidas a fin de evitar unha escisión que podería dar aos trastos coa hexemonía do partido-guía non xa no BNG, senón no conxunto do nacionalismo organizado. Despois do tempo da ala posibilista, era chegada a hora de que o sector obreirista asumise o comando e ditase a liña a seguir.

Esa liña é transparente, e seguramente por iso algúns non conseguen vela: consiste en **afianzar a fronte social** do Movemento Nacional-Popular Galego en detrimento da fronte política, deslocando o eixo das relacións cara a un predominio da CIG e, en xeral, do sector máis ortodoxo do partido. Todo o demais é consecuencia disto: o discurso de recuperación de apoios entre as clases populares; a opción pola mobilización constante como fórmula política preferente, cando non exclusiva; a ruptura da cultura do *grande pacto*, para evitar que un *estraño* puidese interferir no rumbo trazado; a escolla dun Portavoz Nacional facilmente descartable; e, por riba de todo, a **contracción calculada do BNG** como vector estratéxico para toda unha década.

Ese proceso de contracción aplícase tanto ao plano social, buscando unha moderada redución de apoios que diminúa a presenza nos gobernos e, con iso, o nivel de contradicións entre a fronte política e o comando supremo social-sindical; como ao plano interno, onde se parte cara a unha estratexia primeiro de división (ruptura da maioría natural) e despois de confrontación (primarias urbanas), co obxectivo de reafirmar a condición hexemónica da UPG e de provocar o abandono daqueles que ou ben non están dispostos a aceptar as consecuencias dese dominio ou ben, ao verse privados dos espazos institucionais dos que desfrutaban na anterior *división do traballo*, deixan de ter estímulo para continuar.

Se a contracción require a aplicación de **métodos expeditivos**, a UPG non ten o menor pudor en aplicalos, perante a indiferente pasividade dos demais en case todos os casos: desde *suspender* o exame de nacionalismo a novos militantes (BNG de Ferrol, Galiza Nova en todo o país) até manipular os censos (A Coruña), pasando por expedientar as minorías (Pontearreas), ameazar as maiorías (Valdeorras), chantaxear os candidatos (Vigo, Mugardos) ou *queimar* a base social para ter unha excusa -as malas perspectivas electorais autoxeradas- que xustifique o abandono do goberno (A Estrada). Iso, por non falar das defenestracións sectarias (Lugo, Betanzos), do uso masivo de liberados do BNG en beneficio de parte (Santiago), da indicación de candidatos

que non superarían unha auditoría ética básica (Santiago) ou da absoluta falta de reciprocidade na defensa dos compañeiros (Quintana, Ourense) por parte dos mesmos que esixen o peche de filas diante dos asuntos máis fedorentos que practicou o BNG no bipartito, curiosamente todos provenientes do mesmo lado.

Este cálculo da contracción programada do BNG só ten -ao lado das innegables vantaxes que proporciona a cohesión interna da tribo- **dous inconvenientes**, se ben que non menores: (i) que a contracción nos apoios electorais sexa maior que o previsto, o que pode redundar nunha perda de influencia que a CIG e Queremos Galego sexan incapaces de absorber e equilibrar; e (ii) que a crenza determinista -e antihistórica- de que é inviable organizarse á marxe da UPG se mostre errada, se unha nova xeración dá un paso adiante e recolle a mellor herdanza do galeguismo e do nacionalismo e sabe adaptala ás esixencias da sociedade contemporánea, consolidando un novo referente político con vontade de permanencia e co obxectivo de acadar a hexemonía no campo da esquerda, en primeiro lugar, e no conxunto da sociedade posteriormente.

A estas alturas da noite, os oficiais de garda xa albiscaron eses perigos, e decidiron que a orquestra tocase en cuberta con máis triunfalismo aínda: xa non lles resulta posible dar marcha atrás. Non só porque as caldeiras están a todo vapor e a manobra esixa dunha pericia que se antolla improbable; nin porque a tripulación puidese amotinarse, pois o ano e medio de borrado das pegadas na moqueta calmou considerablemente os ánimos; senón, sobre todo, porque están xogando a única carta que teñen: **a mobilización constante como simulacro** dunha acción política opositora e, simultaneamente, como mecanismo de reforzo do músculo sindical e social (non se perda de vista a convocatoria de eleccións sindicais en 2011) é o único recurso do que dispón unha UPG atenzada polos escándalos de Carrumeiro, SEAGA, o Consorcio e a nova rede empresarial tecida ao redor dos prohombres da UPG compostelá, asuntos que obrigaron o partido-guía a subscribir un pacto de non-agresión co PPdeG (reaccións ás crises do PPdeG pola implicación na trama Gürtel e pola vaga de incendios) e a blindarse mediaticamente (pacto con LVG, postura na fusión das caixas).

Lamentablemente, isto leva a que **o BNG derrame unha oportunidade histórica**: goberno da dereita reaccionaria en Galiza e perspectivas de que así sexa tamén en España, deriva dereitizante do PSOE e fractura

coa súa base social, redefinición dos límites do Estado autonómico e crise económico-social propicia para mensaxes radicalmente transformadoras. E é que, ao invés de morder decididamente no espazo político cada vez máis precariamente ocupado polo PSdeG e de buscar a mobilización da esquerda tradicionalmente abstencionista, a UPG dirixe o BNG cara a un repregue sobre si mesmo, a sabendas de que iso conduce o BNG a unha substancial perda de peso político e pode levalo á irrelevancia. No pecado leva a súa penitencia, que non ha de tardar en ter que afrontar.

Con todo, non sería xusto analizar a realidade do BNG aludindo unicamente á UPG, pois, por máis que sexa a forza hexemónica, outros actores tamén teñen a súa cota parte de responsabilidade. E téñena **fundamentalmente por omisión**. +Galiza, por mostrarse incapaz de dotarse dun discurso e dun proxecto propios, por mudar de rumbo no medio do camiño, por non crer nos seus propios *slogans*, por deixarse fracturar no proceso de primarias e por non entender o que se está xogando neste embate, que é a propia supervivencia do BNG como proxecto de referencia do nacionalismo político, e non un mero reparto do poder interno. O Encontro Irmandiño, pola súa parte, por entender o que está a ocorrer pero carecer da coraxe para actuar, unha coraxe que malgasta en proclamas altisonantes pero que non dá lugar a un proxecto político propio e nin sequera a decisións valentes no seo do BNG. Uns e outros son **cómplices do proceso de dexeneración do BNG**, e ambos deberán facer unha profunda autocrítica cando a situación chegue -probablemente en 2012- a límites insustentables: a saída fácil será botar todas as culpas no lombo da UPG, pero iso significaría a asunción da propia insignificancia; e diso a UPG, en minoría no Consello Nacional pero campando ao seu belpracer, non ten a culpa.

En definitiva, **o BNG diríxese cara ás rochas, e semella que o rumbo é irreversible**: a UPG trazouno e nin pode nin quere corrixilo; +G asumiuno en parte por cegueira en parte por ineptitude en parte por comenencia; e o EI permanece inmóbil -en parte por comenencia en parte por ineptitude en parte por complexos-, contentándose co triste soño de herdar os desposos do próximo naufraxio. Entrementres, o MGS, que disque tiña un proxecto autónomo, adícase a facer caixa por conta da debilidade conxuntural da UPG.

Á medida que o BNG segue prescindindo de tantos simpatizantes e ex militantes valiosos, ao tempo que se desfai de parte da actual

militancia entre brindes de champaña, nesa mesma proporción **o BNG tórnase cada vez máis prescindible para o país**. Un país que responde ás mobilizacións realmente necesarias (agresións á lingua e aos dereitos socio-laborais), pero que non por iso vai se deitar nos brazos dun BNG feito á imaxe e semellanza do peor que a UPG ten para ofrecer. As eleccións municipais serán o derradeiro aviso, unha tenue luz antes de que o faro se perda de vista para sempre.

Chega o momento de despedirse, e relendo o texto sorprendémonos da contundencia que desprende. Pode até mesmo dar a impresión de que estamos tan certos do que dicimos que non contemplamos a posibilidade de errar. Nada máis lonxe da realidade: confesámonos completamente incapaces de adiviñar o futuro, que só conseguimos imaxinar a partir da análise do que temos diante dos ollos. Non reivindicamos, por tanto, ningún outro don que non sexa o da lucidez.

A aqueles que pensen que este texto é produto dunha estadía na illa dos comedores de loto ou dos feitizos de Circe, dirémoslles que nos encantaría que estivesen no certo, mais non é o caso. Aínda nin sabemos en que porto recalou a nosa humilde dorna, pero, polo que podemos explorar, por aquí non hai magas nin castelos, non se oen cantos de sereas nin se escoitan os berros das vítimas dos antropófagos. E a temperatura, por certo, semella ser amena.

Estamos por afirmar que non chegamos a Ítaca, pois este territorio non ten trazos de illa: ou moito nos equivocamos, ou estamos **a punto de botar o pé en terra firme**.

### Epílogo

Hai xa algún tempo, un home sabio dixo que ía sendo hora de deixar de explicar o mundo e dedicarse a transformalo. Hoxe, inspirados no seu exemplo e no de tantos e tantas que antes que nós loitaron polos ideais que facemos nosos, nós dicimos que xa pasou o momento de soñar coa ferramenta política que o país precisa e **son chegados os tempos** de construíla -e, xunto con ela, construír tantas outras ferramentas necesarias para podermos ter un futuro de noso.

Dito isto, permitídenos engadir que, sexa baixo o mesmo teito ou ben saíndo de edificios diferentes, podedes contar sempre connosco **lado a lado** cando se trate de defender os dereitos do noso pobo, a xustiza social e a loita contra calquera forma de opresión, prodúzase onde se

produza. Hai máis dun camiño para chegar ao destino, e é bo que as xentes de esquerda os transitemos e os ocupemos, pois dese xeito aumentamos as posibilidades de alcanzalo.

Non podemos rematar sen **agradecer profunda e sinceramente** a vosa participación, a vosa atención, a vosa fidelidade e o aprezo que tantas veces nos mostrastes. Para nós esta viaxe que agora finda foi moi enriquecedora no político e no persoal, e desexamos que tamén para vós fora dalgún proveito. Por todo, recibide unha calorosa aperta. Grazas e até sempre!